

Dictame
3/99

D I C T A M E

**SOBRE O PROXECTO DE DECRETO
POLO QUE SE REGULA**

**O PROGRAMA DE ATENCIÓN
AS PERSOAS MAIORES
DEPENDENTES:
BONO CHEQUE ASISTENCIAL**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Imprime:

Infografía:

Dep. legal:

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 9 de novembro de 1999 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, sometendo a consideración deste organismo o borrador do proxecto de Decreto polo que se regula o Programa de atención ás persoas maiores dependentes: Bono Cheque Asistencial, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 11 de novembro de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia para a elaboración da proposta de Dictame correspondente, sinalando o prazo máximo de un mes para a conclusión dos seus traballos, e establecendo como data da sesión de inicio do traballo o día 18 de novembro de 1999. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de Dictame.

3.- En data 10 de novembro de 1999, o presidente do CES dá conta ó conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais da remisión da documentación recibida ó presidente da Comisión Sectorial nº 2, para a elaboración da proposta de Dictame.

4.- Na mesma data remítese copia da convocatoria ó Director Xeral de Servicos Sociais, xa que no punto 2º do orde do día figura a súa intervención ó obxecto da presentación do Proxecto de Decreto, na sesión da Comisión antedita. Na mesma sesión comparece o Subdirector Xeral de Acción Social.

5.- Despois de varias sesións, en data 29 de novembro de 1999, celébrase nova convocatoria da Comisión Sectorial nº 2, sesión 8/99, na que se acorda aproba-la proposta de dictame, que se remite ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- En data 30 de novembro de 1999, o presidente do CES convoca á Comisión Permanente do mesmo, que, reunida en sesión nº 12/99, de 2 de decembro, e tras coñece-lo texto remitido pola Comisión Sectorial, acorda convoca-lo Pleno do Consello para a aprobación do dictame.

7.- O Pleno do Consello Económico e Social de Galicia, na súa sesión 9/99, celebrado o 10 de decembro, acorda aprobar o seguinte Dictame.

DICTAME

Sobre o proxecto de Decreto polo que se regula o programa de atención ás persoas maiores dependentes: bono cheque asistencial.

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Proxecto de Dictame estrutúrase en 11 capítulos, dúas disposicións adicionais, unha transitoria e dúas derradeiras.

O Capítulo I, composto por tres artigos, regula o obxecto e a finalidade do Decreto. No Capítulo II, establécense as modalidades do programa, no artigo 4º. O Capítulo III refírese ós beneficiarios e requisitos que deben cumprir os mesmos. No Capítulo IV establécese o procedemento das solicitudes de Bono Cheque Asistencial, mentres que no Capítulo V régúlase a contía do mesmo e os pagamentos. No Capítulo VI régulanse as prórrogas das axudas. O Capítulo VII está adicado a establecer o sistema de seguimento e control. No capítulo VIII, composto polo artigo 10, especificanse as causas de extinción da prestación. O Cap. IX regula ás entidades prestadoras dos servizos financiados polo bono cheque asistencial. O Capítulo X versa sobre a financiación do programa de bono cheques asistenciais por entidades públicas ou privadas e no Cap. XI, o artigo 18, establece a creación dunha Comisión de Seguimento e Avaliación do Programa do Bono Cheque Asistencial, ós efectos da avaliación do programa.

A Disposición Adicional Primeira establece a aplicación con carácter supletorio da Lei 4/1993, de 14 de abril, de servizos sociais, e o decreto 258/1990, do 27 de abril, e demais normativa de desenvolvemento.

A Disposición Adicional segunda establece que as axudas terán como límite global o crédito asignado nos orzamentos anuais da Comunidade Autónoma.

A Disposición transitoria establece o réxime transitorio en tanto non se expidan polo órgano competente da Comunidade Autónoma galega os certificados de profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda a domicilio.

Nas Disposicións derradeiras facúltase ó consellerio de Sanidade e Servicios Sociais para dicta-las disposicións necesarias para a execución e desenvolvemento do decreto, e na segunda, dispónse que entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no DOG.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

1.- O CES considera positiva a iniciativa de regular un programa de atención ás persoas maiores dependentes, que ten por obxectivo reforza-la estrutura de apoio, atención e coidado das persoas maiores dependentes e favorece-la creación de postos de traballo.

2.- O programa de atención asistencial das persoas maiores dependentes, que pon a disposición recursos económicos para sufragar-los gastos das familias derivados dos servizos de proximidade, residencias de atención e coidados das persoas maiores con dependencia, complementarias das actualmente existentes na rede pública, mediante axudas a domicilio, centros de día, estancias temporais, programas de respiro e residencias, constitúe un programa axeitado para conseguir os ditos obxectivos.

3.- O CES considera que, nas actuacións do sector público e do sector privado na prestación dos servizos sociosanitarios, deben garantirse, en todo caso, os principios constitucionais de equidade e de programación do gasto público respondendo a criterios de eficiencia e economía na atención sociosanitaria.

4.- En cumprimento do principio de programación eficiente do gasto público, o CES considera que o programa de atención asistencial ás persoas maiores dependentes debe estar integrado no sistema de servizos sociais de responsabilidade pública previsto na Lei de Servizos Sociais. Neste senso, considérase que este programa, que cubre a unha pequena parte das persoas dependentes, debe integrarse nun futuro programa de servizos sociais que unifique e amplíe a cobertura e o apoio a tódalas persoas dependentes, maiores ou incapacitados por motivos de índole física, psíquica, sensorial ou social (toxicómanos, alcohólicos) e as súas familias.

5.- En cumprimento do principio de equidade, o CES considera que éste debe-se garantir en tódalas fases do procedemento de xestión destas prestacións sociais.

O CES considera que co procedemento de “bono cheque asistencial”, que se establece neste proxecto de Decreto, o beneficiario non ten totalmente garantida a equidade de acceso ás prestacións establecidas no Programa de Atención ás Persoas Maiores Dependentes.

6.- O CES considera que o proxecto de Decreto debe regular os procedementos do programa que garantan, para igual necesidade, que tódolos beneficiarios teñan o mesmo custo de provisión, os mesmos tempos de acceso e a mesma calidade asistencial. Por eso, estima que non poden deixarse ás Ordes de desenvolvemento do Decreto os seguintes aspectos fundamentais, definitorios da acción protectora do Programa de Atención ás Persoas Maiores Dependentes:

6.1• Respecto ó contido da prestación asistencial:

Debe establecerse que os contidos das prestacións mínimas acreditadas de servizos de cobertura pública básica garantida, das diferentes modalidades, deben ser ofertados, en todo caso, ó mesmo custo por modalidade polos prestadores das mesmas.

6.2• Respecto a determinación da condición de posible beneficiario:

Deben definirse os documentos de valoración do grado de dependencia e o baremo socio-sanitario que se estableza para ter a condición de posible beneficiario da prestación.

6.3• Respecto o feito causante da prestación:

Deben establecerse as condicións de prioridade na selección para ter dereito a prestación, de forma que, en todo caso, ata un nivel de ingresos da unidade de convivencia económica concederáse o cen por cento da contía mínima da prestación económica establecida. No caso de exceso de demanda sobre a oferta financiable, debe priorizarse polo menor nivel de ingresos e, dentro dun mesmo nivel de ingresos, debe priorizarse polo grado de dependencia.

6.4• Respecto o importe da prestación económica:

Debe establecerse que a contía mínima das prestacións económicas de axudas concedidas, por modalidade, cubrirán os contidos acreditados das prestacións mínimas de servizos de cobertura pública básica garantida das diferentes modalidades ofertadas.

7.- O CES considera que debe regularse, e ser responsabilidade dos servizos de atención primaria dos Concello, a obrigação de ofertar ós beneficiarios tódolos

servicios acreditados pola Xunta de Galicia e controlar a oferta dispoñible de forma que garantan, en todo caso, o dereito a libre elección do beneficiario. O beneficiario que libremente elixa, dentro da oferta presentada polos servicios de atención primaria dos concellos, un prestador de servicios que teña cuberta a oferta de prestación mínima de servicios de cobertura pública básica garantida, debe ter dereito a permanecer en lista de espera de dito prestador. Os servicios de atención primaria dos concellos xestionarán as ditas listas de espera respetando, en todo caso, as prioridades establecidas na selección.

8.- O CES considera que debe regularse neste proxecto de Decreto a garantía dunha distribución equilibrada da financiación para igual necesidade en toda a comunidade autónoma e unha acreditación tamén equilibrada dos provedores de servicios en todo o territorio. Neste senso, a financiación pública e a cofinanciación do Programa de Atención ás Persoas Maiores Dependentes, a través dos convenios singulares de adhesión, deberán cubri-lo conxunto das prestacións mínimas de servicios de cobertura pública básica garantida en todo o territorio da comunidade autónoma e para tódolos beneficiarios con dereito a elas.

9.- A financiación adicional para “prestacións adicionais”, condicionadas a ámbitos territoriais ou colectivos concretos, non deben ser obxecto de regulación nun Programa público de Atención ás Persoas Maiores Dependentes.

As consideracións xerais que afectan á exposición de motivos e ó articulado do proxecto de decreto sometido a dictame proponse como modificacións de dito proxecto nas seguintes observacións particulares.

4.- CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

As anteriores observacións xerais motivan as seguintes consideracións particulares en relación coa Exposición de Motivos e co articulado do proxecto de Decreto.

1.- Con carácter xeral, debería suprimirse en todo o texto a referencia ó procedemento do “bono cheque asistencial” substituíndo a dita expresión por **“Programa de atención asistencial ás persoas maiores dependentes”**.

2.- Na **Exposición do Motivos** deberían introducirse as seguintes modificacións:

2.1. **parágrafo 5:** É importante facer mención expresa á condición de dependencia que terán os posibles beneficiarios do programa. En consecuencia, debería redactarse como segue:

*Para evitar na medida do posible (...) no caso de persoas maiores **dependentes** que vivan soas (...)*

2.2. **parágrafo 8:** A libre elección do proveedor de servizos que mellor poderá satisfacer as necesidades do beneficiario debe ser garantida polos servizos sociais de atención primaria dos concellos. Estes servizos serán os encargados de facer efectiva a elección. Deste xeito, o parágrafo debería incluír unha referencia ó seu papel:

*Con cargo ó programa (...) outros programas de respiro. **Os servizos sociais de atención primaria do Concello terán a obriga de ofrecer ós beneficiarios tódolos provedores de servizos e controlar a oferta dispoñible garantindo, en todo caso, a libre elección do proveedor de servizos por parte do beneficiario entre os previamente autorizados pola Xunta.***

2.3. **parágrafo 9:** En consonancia co dito no punto anterior, o CES considera que habería que suprimir este parágrafo.

2.4. **parágrafo 10:** Na parte final deste parágrafo, cómpre eliminar a referencia á unha consellería concreta, porque xa se menciona a normativa de Xunta.

2.5. **parágrafo 12:** Debería introducir a obrigatoriedade de inscrición dos prestadores dos servizos nos concellos respectivos. Proponse a seguinte redacción:

*A responsabilidade (...), a obriga de presta-los servizos de conformidade co módulo que anualmente publique a consellería, **a abriga de estar inscritos nos Concellos onde pretendan presta-los servizos, a de implantar (...)***

2.6. **parágrafo 16:** Proponse a substitución da expresión “orientación de

recursos” polo concepto de control dos mesmos, do seguinte xeito:

Segundo a liña (...), a detección de necesidades e o control de recursos, cobrando especial importancia (...)

3.- No **artículo** do Decreto, deberían terse en conta as seguintes precisións:

3.1. **Artigo 1º**: Como xa se dixo, propónse eliminar en todo o articulado a referencia ó “bono cheque asistencial” como nome de programa, que habería que denominar unicamente como **Programa de atención ás persoas maiores dependentes**.

3.2. **Artigo 2º**: O CES entende que o Decreto debe entrar a cualificar o grado de dependencia dos posibles beneficiarios. Deben definirse neste Decreto os criterios para a determinación da condición de posible beneficiario, o baremo socio-sanitario e os documentos que sirvan para xustificarlo grado de dependencia

O programa de atención (...) persoas maiores de 65 anos en situación de dependencia, de acordo coas condicións que se establecen neste Decreto, que se atopan residindo (...)

3.3. **Artigo 5º**: Unha vez definida a condición de posible beneficiario, habería que suprimir as limitacións impostas pola actual redacción deste artigo, que parecen fóra do contexto desta prestación. Polo tanto, o artigo só tería dous apartados, coa seguinte redacción para o primeiro deles –o segundo non variaría–:

1.- Estar empadroado e ter residencia efectiva en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma galega.

3.4. **Artigo 6º.2., apartados d) e h)**: En coherencia co exposto respecto ó artigo 5º, o CES propoñe suprimir, no apartado d) deste artigo, a referencia temporal. No caso do h), propónse suprimir este apartado.

3.5. **Artigo 6º.3.**: O CES considera que é necesario introducir neste apartado que a baremación das solicitudes presentadas corresponderá ós servizos sociais de atención primaria do Concello, polo que se propoñe a redacción seguinte:

6.3.- Tendo en conta as disponibilidades presupostarias, as solicitudes baremaranse, por parte dos servizos sociais de aten-

ción primaria dos Concellos, en función do baremo socio-sanitario establecido neste Decreto.

3.6. **Artigo 6º.4.**: Nos parágrafos 2º e 3º, propónse cualificar a unidade de convivencia co termo “económica” e, ó mesmo tempo, variar a definición que da mesma fai o parágrafo 3º, que quedaría redactado como segue:

*Entenderase como unidade de convivencia **económica** do solicitante: ó seu cónxuxe ou parella de feito, fillos e parentes por consanguineidade ou afinidade ata o terceiro grado que convivan co mesmo.*

3.7. **Artigo 7º.1.**: Estímase oportuno que, na fixación anual da contía máxima das prestacións, a consellería competente teña en conta un informe previo do Consello Galego de Servizos Sociais. Ademais, o apartado debería incluír unha referencia á unidade de convivencia económica e tamén debe establecer o feito causante e as condicións de prioridade de acceso, co que quedaría redactado como segue:

*7.1.- O importe máximo das distintas modalidades das prestacións económicas fixarase anualmente mediante orde da consellería competente en materia de servizos sociais, **previo informe do Consello Galego de Servizos Sociais**. A porcentaxe da axuda establecerase e revisarase, no seu caso, en función dos ingresos da unidade de convivencia económica.*

En todo caso, establecerase o nivel de ingresos da unidade de convivencia económica que dará dereito ó cen por cento do importe da prestación económica. No caso de exceso de demanda sobre a oferta financiable, deberá priorizarse ós posibles beneficiarios polo menor nivel de ingresos e, dentro dun mesmo nivel de ingresos, deberá priorizarse polo grado de dependencia.

3.8. **Artigo 7º.2.**: En opinión do CES, a redacción deste apartado debe ser modificada en profundidade nos seus dous parágrafos, para eliminar a referencia ós bono cheques e introducir o papel dos servizos sociais de atención primaria. A redacción proposta é a seguinte:

*7.2.- A concesión da axuda ó beneficiario **entenderase como***

unha prestación sociosanitaria para cubrir, na porcentaxe que corresponda, o importe dos servizos á entidade prestadora dos mesmos.

Mensualmente, a entidade correspondente remitirá ós servizos sociais de atención primaria, que á súa vez os enviará ó organismo competente de servizos sociais, para o seu pagamento as prestacións sociosanitarias correspondentes ó mes anterior acompañados da documentación que esixa a normativa de desenvolvemento.

3.9. **Artigo 7º.3.:** A redacción que fai referencia á data de inicio da percepción da prestación e a súa eventual prórroga non se considera axeitada. Proponse a seguinte:

7.3.- Unha vez notificada a concesión da axuda solicitada devengarase desde a data de inicio da atención concedida, e segundo a modalidade de atención, poderá prolongarse, sempre e cando non se produzan variacións das circunstanciais que deron lugar á concesión da axuda que provoquen a súa extinción.

3.10. **Artigo 8º.1.:** En consonancia co papel relevante que, na opinión do CES, deben ter os servizos sociais de atención primaria dos concellos, habería que modificar este apartado para dar entrada á súa intervención en caso de prórroga das axudas. O texto proposto é o seguinte:

8.1.- Na modalidade de Residencia, durante e mes de outubro de cada ano, os servizos sociais de atención primaria do Concello deberán remitir á correspondente delegación provincial da consellería competente en materia de servizos sociais unha declaración xurada do beneficiario relativa á non modificación das circunstancias que motivaron a concesión.

3.11. **Artigo 8º.3.:** Proponse suprimir este apartado.

3.12. **Artigo 9º.1.:** Cómpre introducir unha referencia ó control, por parte dos servizos sociais dos concellos, dos prestadores dos servizos, non só dos beneficiarios. A redacción sería a seguinte:

9.1.- Nas modalidades (...) seguimento continuo dos beneficiarios e dos prestadores dos servizos sociosanitarios deste programa (...)

3.13. **Artigo 9º.2.:** O CES entende que o labor de inspección da consellería ten que ter carácter de obrigatorio, tanto no control das axudas como no do emprego que xeneren. Cómpre tamén facer unha mención expresa ó papel dos servizos sociais de atención primaria dos concellos nas tarefas de información. A redacción proposta para este apartado é a seguinte:

9.2.- A consellería competente (...) levará a cabo a inspección (...), así como o control do emprego que xenere. Ós efectos de realiza-la necesaria avaliación do programa, os servizos sociais de atención primaria dos concellos (...)

3.14. **Artigo 10º.1.:** Coa eliminación da fórmula do bono cheque, o punto 3 deste apartado non ten cabida, polo que o CES propoñe suprimilo. En consecuencia, no apartado 2 deste artigo haberá que elimina-la referencia a ese punto 3.

3.15. **Artigo 11º.1.:** Entre as atribucións dos servizos sociais de atención primaria dos concellos debería figurar tamén a xestión dun rexistro das entidades prestadoras dos servizos que participen no programa. O CES considera que, ademais, debería recollerse a prioridade das cooperativas, sociedades laborais, emprego autónomo e iniciativas locais de emprego. Tamén debe definirse o contido da prestación asistencial en termos de igualdade de custo por modalidade. Proponse a seguinte redacción:

11.1.- Poderán presta-los servizos (...) consten inscritas no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais dependente da consellería competente en materia de servizos sociais e nos servizos sociais de atención primaria dos concellos.

Terán carácter preferente, a igualdade de viabilidade do proxecto, as cooperativas e sociedades laborais, o emprego autónomo ou por conta propia e as iniciativas locais de emprego.

As ofertas das prestacións mínimas de servizos de cobertura pública básica garantida presentadas polos provedores terán o mesmo custo por modalidade.

3.16. **Artigo 11º.2., parágrafo 2:** En caso de eventuais infraccións, non parece oportuno diferenciar o centro das entidades prestadoras. O parágrafo quedaría redactado así:

11.2.- (...)

*As entidades nas que se producira infracción non poderán solicita-la súa inclusión no programa **durante un prazo de cinco anos** contados desde a data de imposición da sanción.*

3.17. **Artigo 12º.2.:** En caso de incumprimentos ou riscos, debe ser a entidade prestadora a que quede fóra do programa, non só respecto ó centro, como plantea o proxecto.

3.18. **Artigo 13º.:** O CES estima que cómpre ampliar a obriga das entidades de someterse a inspeccións dos servizos sociais de atención primaria dos concellos. O último apartado do artigo quedaría redactado do seguinte xeito:

13.- (...)

*- someterse ás inspeccións e actuacións de comprobación de calidade que se desenvolvan pola consellería e **polos servizos sociais de atención primaria dos concellos.***

3.19. **Artigo 14º.3.:** En opinión do CES, é necesario establecer no decreto a necesidade dunha autorización previa ás entidades prestadoras para comeza co seu labor. En consecuencia, habería que eliminar a referencia ó silencio administrativo positivo e facer unha mención expresa a obriga desa autorización previa. O apartado debería dicir o seguinte:

*14.3.- (...) que resolverá nun prazo de tres meses. **Ningunha entidade poderá inicia-la prestación de servizos sen que exista autorización previa.***

3.20. **Artigo 14º.5.:** Na mesma liña do anterior, o CES considera que habería que añadir un quinto apartado neste artigo, coa seguinte redacción:

*14.5.- **A entidade, unha vez recibida a autorización previa, deberá comunicala ós servizos sociais do concello respectivo.***

3.21. **Artigo 16º:** Este primeiro artigo sobre a financiación do programa debería ser modificado en profundidade para mellor garantir os principios comentados nas observacións xerais desde dictame do CES. A redacción proposta para o mesmo quedaría así:

16.- Poderán participar neste programa as entidades públicas ou privadas sen prexuízo da responsabilidade pública autonómica do programa. As aportacións realizadas a través dos convenios correspondentes financiarán o conxunto das prestacións mínimas de servizos de cobertura pública básica garantida en todo o territorio da Comunidade Autónoma e para tódolos beneficiarios con dereito a elas. A equidade no acceso ó programa, a través dun procedemento único para a solicitude e tramitación das axudas, garantirase polos servizos sociais de atención primaria dos concellos, salvaguardando sempre a liberdade de elección de centro ou entidade prestadora por parte dos beneficiarios.

3.22. **Artigo 17º.1.:** O CES considera que a participación dos entes locais na financiación do programa debería facerse a través de convenios e coas características establecidas no artigo 16. Polo tanto, non deben considerarse financiación adicionais condicionadas. O apartado debería ter a seguinte redacción:

17.1.- Os entes locais de Galicia, en execución das súas propias competencias, poderán financiar, mediante o convenio correspondente, este programa.

Tamén poderán cofinanciar e, en consecuencia, participar no programa as persoas físicas ou xurídicas que asuman os compromisos que se derivan deste Decreto e da súa normativa de desenvolvemento.

3.23. **Artigo 17º.2.:** Neste caso, para ser coherentes co antedito nas observacións xerais, debería suprimirse a referencia ó bono cheque e ás especificidades de ámbito territorial.

3.24. **Artigo 18º:** Para a avaliación do programa, o CES estima que é necesario contar coa participación dos axentes sociais e dos concellos, o que debería recollerse neste artigo.

(...) crearase unha Comisión de Seguemento e Avaliación do pro-

grama (...), coa participación dos axentes sociais e dos concellos.

3.25. **Disposición transitoria:** Proponse a eliminación desta disposición.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1999

5.- VOTO PARTICULAR:

Voto particular que presenta la Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) al Dictamen sobre el Proyecto de Decreto por el que se regula el programa de atención a las personas mayores dependientes: Bono cheque asistencial.

La Confederación de Empresarios de Galicia considera positiva la iniciativa de regular un programa de atención a las personas mayores dependientes, que refuerza la estructura de apoyo y de atención y cuidado a dicho colectivo, hace crecer la demanda de servicios y mejora la oferta, e incentiva asimismo el trabajo y la creación de empresas, dentro de lo que se denomina “nuevos yacimientos de empleo”. Todo ello dentro del respeto a la iniciativa privada con o sin ánimo de lucro (de acuerdo con el art. 3.3. de la Ley 4/1993, de 14 de abril, reguladora de los servicios sociales-DOG 23/4/1993, nº 76-).

Reconociendo que la nueva redacción propuesta mejora el principio de equidad al programa que estamos dictaminando, destacamos ciertas paradojas de la redacción vigente que se afianzan en el texto alternativo del Dictamen.

Nos estamos refiriendo a la nueva redacción propuesta del art. 7º.1. y de aquellos preceptos concordantes.

La propuesta de redacción del texto del Dictamen es la siguiente:

7.1.- El importe máximo de las distintas modalidades de las prestaciones económicas se fijará anualmente mediante Orden de la Consellería competente en materia de servicios sociales, previo informe del Consello Galego de Servizos Sociais. El porcentaje de ayuda se establecerá y revisará, en su caso, en función de los ingresos de la unidad de convivencia económica.

En todo caso, se establecerá el nivel de ingresos de la unidad de convivencia que dará derecho al cien por ciento del importe de la prestación económica. En el caso de exceso de demanda sobre la oferta financiable, deberá priorizarse a los posibles beneficiarios por el menor nivel de ingresos y, dentro de un mismo nivel de ingresos, deberá priorizarse por el grado de dependencia.

Muy recientemente, en un informe titulado “La atención sociosanitaria en España: perspectiva gerontológica y otros aspectos conexos” (1999), el Defensor del Pueblo ha señalado, en referencia a las prestaciones sociosanitarias:

“Por una parte, suele penalizarse la existencia de un familiar que está asumiendo el cuidado, lo que resulta verdaderamente paradójico e injusto para las familias, que observan atónitas cómo a su generosidad y entrega se responde por los poderes políticos con una puntuación negativa en el baremo.

Por otra parte, porque alcanzar un determinado (y escaso) nivel de renta suele ser motivo de exclusión. Muchas personas, y de manera muy especial las pertenecientes a las clases medias, se encuentran ante una nueva paradoja. Se les deniega el servicio público por sobrepasar el nivel de renta establecido en los baremos (son consideradas ricas) y, cuando acuden en busca de un servicio privado, no pueden pagarlo (son y se sienten pobres).

La perversión del sistema de acceso a los servicios sociales resulta tan flagrante que cada vez es más habitual que muchas familias decidan acudir a realizar la solicitud falseando la auténtica situación: fingen la existencia de una mala relación familiar, relatan situaciones de abandono y de insolidaridad entre los hermanos, lamentan no poder ofrecer atención suficiente, ocultan o falsean el nivel de renta. En definitiva, saben que el objetivo “conseguir puntos” se logra difícilmente si se declara que la persona mayor está bien atendida aunque con un esfuerzo personal y material excesivo por parte de la familia.”

Por estos motivos, la conclusión es que debe priorizarse sobre la circunstancia objetiva de la necesidad de ayuda para las actividades de la vida diaria, ponien-

do en segundo lugar outros requisitos de acceso que nada tienen que ver con dicha condición objetiva.

La renta debe actuar como un factor secundario que, a igualdad objetiva de dependencia, permita otorgar más o menos porcentaje del importe total de la prestación económica, pero no eliminarla a priori.

Debe tenerse en cuenta que los beneficiarios, según se establece en el art. 5 del proyecto de Decreto, deben padecer una situación de dependencia física y/o psíquica que les haga precisar de ayuda de otra persona para realizar las actividades esenciales de la vida diaria.

Parece reducirse el concepto de los beneficiarios al ámbito de la Gran Invalidez regulada en la LGSS/94, art. 137.6., como la situación en la que el inválido precisa de la asistencia de tercera persona para realizar los actos más elementales de la vida diaria (vestirse, desplazarse, comer, lavarse, etc.).

No obstante, debe señalarse que, incluso en esta situación, pueden existir distintos grados de dependencia. La jurisprudencia ha interpretado que no es preciso que la necesidad de ayuda sea permanente y continuada (TS 23/3/98, ar 2367) y que tampoco se requiere que dicha necesidad de ayuda sea para todos los actos de la vida cotidiana, basta con no poder satisfacer una necesidad primaria (TS 30/01/90, ar. 245).

Fácilmente podemos observar la diferencia que existe, en cuanto grado de dependencia física, por ejemplo, entre un hemipléjico y un tetrapléjico. Por lo tanto, aun dentro de una gran invalidez, existen distintos tipos de dependencia.

No obstante, la propuesta de nueva redacción del art. 7º.1 profundiza en la renta como principal condición de prioridad de acceso en una eventual situación de “exceso de demanda sobre la oferta financiable”.

Profundiza así en la situación paradójica que denuncia el mencionado informe del Defensor del Pueblo “La atención sociosanitaria en España: perspectiva gerontológica y otros aspectos conexos” (1999).

En hipótesis: en la situación de exceso de demanda puede denegarse la prestación por sobrepasar el nivel de renta establecido en los baremos (son considerados beneficiarios ricos) aún padeciendo un mayor grado de dependencia, pero

cuando se acude a un servicio privado, no se puede pagar (son y se sienten pobres).

Por este motivo, proponemos la siguiente redacción al art. 7º.1. y concordantes, que consideramos mejora la redacción siguiendo el espíritu del informe del Defensor del Pueblo:

7.1.- El importe máximo de las distintas modalidades de las prestaciones económicas se fijará anualmente mediante Orden de la Consellería competente en materia de servicios sociales, previo informe del Consello Galego de Servicios Sociais. El porcentaje de ayuda se establecerá y revisará, en su caso, en función de los ingresos de la unidad de convivencia económica. Se establecerá el nivel de ingresos de la unidad de convivencia que dará derecho al cien por ciento del importe de la prestación económica.

En el caso de exceso de demanda sobre la oferta financiable, deberá priorizarse a los posibles beneficiarios por el grado de dependencia física y/o psíquica.

Santiago de Compostela, 10 de diciembre de 1999

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1999

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun